



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

- I 164
308. 7) 28) /:Non sei que tén a morena,
non sei qu'a morena tén, :/
/:non sei que tén a morena,
que todos lle queren ben:/
VI 566 (4)
316. 29) As nenas de Redeghulfe ? (4)
son unhas férvell'as-berzas,
/:por unha copa de caña
deixan aperta-las teñas:/
IV 451
325. 30) As rapazas qu'hai aghora (as nenas de Redeghulfe)
son unhas ferveleteiras (4)
/:collen as berzas na i-horta,
bótanas na pota enteiras:/
IV 432
- Ordes V, 1, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64 (sobriña)
Marzal 1980
- CD 13, 7
- V,1,330. 31) /:Con Cerceda non se pode, :/
/:a nena qu'é boa moza,
i-o porveito é do seu home. :/
I 174 (4) IV 176
345. 32) D. PAXARO cando bika
mete o pezcozo no mar-e,
alegría, rapaciñas,
que veñen de Xermade. (4) IV 316
347. 33) /:A i-aldeia da Vila
'stá pintada darredor-e:/
/:que a pintaron as nenas
cunha cinta de color-e:/
(4) IV 211
357. 34) As rapaciñas da Vila,
eu direi quén elas son:
/:pequeníñas e ben feitas,
aleghres do corazón:/
(4) IV 421c
370. 35) Ese demonio de Carlos (=neto)
quedou de vir e non veu,
/:collfu o ferrocarril-e,
marchou pa Montevideu:/(e vai no) (4) IV 328
375. 36) Durmo sola, durmo sola
porque non teño marido,
/:cando me pican as pulghas
do outro lado me viro:/
VI 1630 (4)
380. 37) /:Deiteim'e adormecín-he,
dormín un sono lixeiro:/
/:deiteime no mes de maio,
recordei no de xaneiro:/
VI 1145 (4)
388. 38) Aghora que veu a noite
veu a miña alegríia
/:para ve-los meus amores
que non os vin polo día:/
VI 385 (4)
395. 39) Teño un amor carpinteiro
que traballa como quere,
/:quixo facer un arado
e salfulle unha muller. :/
(4) I 164
I 383



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Ordes V, 1, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64 (sobriña)

CD 13, 7-9

V,1,402.

40) [Déchem'un] vaso de viño
en señal de matrimonio;
o viño, bebelo sí,
casar contigo non pode.

(falado)

vi 1726